



Compostela Decide  
Materiais #03

## O ciclo dos orzamentos participativos

Dinámicas de enriquecemento  
e aprendizaxe colectiva

**Os orzamentos participativos son unha ferramenta que implica novas formas de facer para a administración, para o persoal técnico, para o tecido asociativo e para a cidadanía.**

Polo tanto, adoitan precisar un tempo para consolidarse no municipio.

Como se trata de decidir sobre o orzamento, teñen un ciclo anual ao longo do cal se repiten e revisan as diferentes fases.

Ano a ano, esta dinámica vaise enriquecendo coa aprendizaxe colectiva e coas achegas de todas as persoas e entidades que participan.

**Deseñamos desde abaixo**

**Facemos seguemento**

**Debatemos e decidimos**

**Propoñemos**

**Contrastamos**




**O ciclo dos OP iníciase cada ano co autorregulamento, realizado polo grupo motor. É a fase que chamamos «Deseñamos desde abaixo».**

O regulamento dos orzamentos participativos é un documento de carácter non institucional que fixa as regras de xogo.

Serve para establecer as regras de funcionamento e as condicións en cada etapa do proceso.

É autorregulado porque, partindo dunha base, son a propia veciñanza e colectivos da cidade quen o van elaborando.

É dinámico porque se revisa cada ano para realizar as modificacións necesarias e asegurar a súa evolución e mellora.




## Grupo motor

Formado por asociacións e persoas dispostas a ter unha maior implicación co proceso.

## Regulamento dos OP

O modelo de OP Compostela Decide é autorregulado: cada ano a cidadanía que participa no grupo motor revisa e establece as regras de xogo do proceso.

## Deseñamos desde abaixo



OP

# Propoñemos

**Despois de fixar as regras de xogo, comeza a fase de facer propostas.**

As propostas supoñen un exercicio de participación activa.

Permiten poñer en común diferentes ideas e proxectos pensados para o interese da comunidade.

Son a materia básica dos OP: trátase de propoñer en que queremos que se invista o orzamento municipal.

## Diagnose

Para fomentar que as propostas respondan ás principais necesidades, realízanse encontros e asembleas abertas para reflexionar e poñer en común as problemáticas

## Propostas

Todas as persoas poden facer propostas, xa que unha das características dos OP é o seu carácter universal. Por suposto, tamén se recollen propostas das asociacións.



**Antes de sometelas a decisión, é importante contrastar tecnicamente se as propostas son viables.**

Os aspectos que se contrastan son:

- ✓ Se a proposta é competencia do Concello.
- ✓ Se é viable xuridicamente (non contravén ningunha normativa).
- ✓ Se é viable técnica e economicamente: non excede o importe total dispoñible para esa área nos OP.

## Mesa de propostas

Persoas do grupo motor e outras elixidas nas asembleas, ordenan as propostas (cando son semellantes, diferentes propostas poden agruparse nunha). Contrastan a súa viabilidade co persoal técnico municipal

## Oficina técnica

A oficina técnica dos OP está formada por persoal técnico municipal das diferentes áreas. Ademais de valorar se cada proposta é ou non viable, tamén estima o seu custo

# Contrastamos

# OP

# Debatenos e decidimos

**Unha vez revisadas todas as propostas, pasamos á fase de decisión.**

O sistema de decisión trata de buscar a solidariedade e a reflexión sobre as necesidades que son comúns ou as que son máis prioritarias. Non se trata de que cada quen vote só a súa propia proposta. Por iso se opta por un sistema no que cada persoa debe ordenar as dez propostas que considera prioritarias.

## Asembleas

As asembleas son abertas. Nelas as persoas que fixeron propostas poden expoñelas. Tamén se realiza unha elección democrática das propostas. Todas as persoas teñen o mesmo peso na decisión: unha persoa, un voto.

### +Web

Para facilitar a participación, ademais dos espazos presenciais está a disposición unha plataforma web onde informarse, facer propostas e apoialas.

## Pleno municipal

A decisión final dos OP é incorporada á proposta de Orzamento do goberno municipal. Corresponde ao pleno municipal aprobar o Orzamento xeral municipal anual.



# Facemos seguimento

Por último, cómpre ir facendo seguimento da execución das propostas, ao longo do ano seguinte ao proceso de decisión, e mentres se inicia un novo ciclo.



## Comisión de seguimento

A comisión de seguimento créase para ✓ avaliar que o proceso se desenvolve ✓ de forma transparente e para ir ✓ seguindo a execución dos investimentos e actividades, garantindo que se leven a cabo.

## Información na web

Na web actualízase información sobre o estado das propostas aprobadas.

Debatenos  
desas  
abaixo

Propoñemos

Debatenos  
e decidimos

Contrastamos



# 03

**Compostela Decide**  
Materiais #03



**Compostela  
Decide**

Orzamentos  
participativos 2017

**[decide.santiagodecompostela.gal](https://decide.santiagodecompostela.gal)**

Descarga outros documentos en:

<https://decide.santiagodecompostela.gal/#/contacts>



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**